



Fomento da lectura

Para **todas as etapas**, as lecturas obrigatorias serán organizadas ao principio de curso.

Realizarase unha lectura compartida ao trimestre para todas as etapas (coincidindo con algunha data ou conmemoración).

Ed. Secundaria: As dúas horas de libre disposición do centro en 1º e 2º ESO asignadas aos departamentos de Lingua galega e castelán están destinadas á lectura. Tras un debate, concórdase que a hora de ler, ben aproveitada, é necesaria. Acórdase que en 3º e 4º ESO se manteña a hora de ler rotativa, tendo que estar cada un dos departamentos pendentes do calendario para ter a sesión organizada. A lectura será reforzada de xeito transversal por todas as materias. A Biblioteca e o EDLG tamén colaborarán con diferentes actividades de fomento de lectura. Manteranse as caixas de ler na aula como un recurso auxiliar.

Ed. Primaria: A sesión de vinte minutos diaria faise escasa, máis se se xunta coa merenda. Por iso a lectura non debe incluír a merenda. Habería que engadir algún momento a maiores nalgunha materia. As lecturas deben realizarse de xeito autónomo dende 2º Ed. Primaria, podendo ser compartidas ou dramatizadas para poder acadar a autonomía ao final do curso. Varias persoas coordinadoras de nivel de Ed. Primaria coinciden que a lectura en alto por parte do alumnado é beneficiosa.

Dª Veronica Ojea interpela se non poden ler as profesoras. Indícaselle que o profesorado tamén pode ler, pero que hai que primar a lectura autónoma do alumnado.

Ed. Infantil: Dentro do Plan de Fomento de Lectura- Infantil, propoñen os seguintes obxectivos:

- Potenciar a atención do alumnado e o interese pola lectura.
- Mellorar a percepción visual para recoñecer os distintos grafemas.
- Coñecer a palabra e a representación gráfica en maiúscula de palabras sinxelas.
- Coñecer novo vocabulario.
- Acadar o gusto pola lectura.

E para acadalos, propoñen as seguintes actividades diarias, semanais e trimestrais:

- Lectura de contos na asemblea diaria
- Uso individual da biblioteca de aula varias sesións ó día e por recunchos
- Construción de palabras segundo o nivel no que se atopen (nome, data, título contos, palabras significativas...)
- Xogos de comprensión despois das lecturas
- Actividades relacionadas coas lecturas diarias (debuxos, murais, construcións de personaxes...)
- Unha sesión semanal na biblioteca do centro
- Préstamos de libros ás familias na biblioteca do centro
- Asesoramento de lecturas axeitadas nas vacacións
- Sesións de contacontos .
- Mochila viaxeira